

www.reperkusion.com

# REPERKUSIÓN

17/19 MAIO 2012 BEMPOSTA (OURENSE)



DEZ ANOS DE FESTICULTURA

## Dossier de prensa

Organiza



Patrocina

AGADIC



XUNTA DE GALICIA



Colabora

PIZZLE

TELO PRAZA



mondo sonoro

# Índice

1. Dez anos de festicultura
2. Programación
3. A Cidade dos Muchachos de Bemposta
  - a) Un pouco de historia
4. Información práctica
  - a) Entradas
  - b) Transporte
  - c) Zona de acampada
  - d) Actividades de balde
5. As actuacións
  - a) Carpa Central (concertos de noite)
  - b) Escenario de día (concertos de día)
  - c) Domo (actuacións de gorra)
6. Outras actividades
  - a) Obradoiros de circo
  - b) Olimpíada de Malabares
  - c) Exposición sobre o Circo dos Muchachos
  - d) Mercadiño
  - e) Accións solidarias

## Dez anos de festicultura

O Festival Reperkusión chega á súa **décima edición**. Será neste caso nunhas datas novas (maio) e nun espazo tamén novo: a **Cidade dos Muchachos de Bemposta**, en Ourense. Para a organización é a oportunidade de recuperar para a sociedade un espazo singular con moitas potencialidades, escenario no que se desenvolveu un proxectos social e artístico que inspirou a moitos outros en todo o mundo.

Na edición número dez o festival mantén a fórmula que o consolidou como un evento único: é un **festival multidisciplinar que busca a orixinalidade en todos os estilos** que acolle baixo o paraugas da mestizaxe cultural. No Reperkusión súmanse música, circo, danza, formación, compromiso... e por riba de todo bo ambiente e moita festa para todos os públicos.

O Reperkusión son preto de 72 horas de programación. **Tres días e tres noites de actividade** que teñen o seu punto álxido nos concertos da noite. Este ano encabeza o cartel Manu Chao, que á fronte de **Manu Chao La Ventura ofrecerá dous concertos**: o xoves 17 e o sábado 19 de maio. Cada concerto será diferente, cun repertorio distinto e con algunhas colaboracións sorpresa sobre o escenario. Agardamos concertos espectaculares de case tres horas.

O resto de artistas completan un dos mellores carteis musicais das dez edicións do festival. Entre os puntos a destacar están:

- O primeiro concerto de **El Canijo de Jerez** desde que deixou Los Delinquentes e antes da saída do seu disco de debut en solitario.
- A oportunidade de ver **algúns dos directos máis potentes do Leste de Europa**: Kiril Dzajkovski (Macedonia), Dubioza Kolektiv (Bosnia) e Bohemian Betyars (Hungría).
- A volta ao Reperkusión de bandas que foron auténticos **descubrimentos para o público galego**: Funky Style Brass (Francia) e Russkaja (Austria)
- Unha **importantísima presenza de grupos galegos** no carlte, con algúns dos mellores directos do momento: Os 3 Trebóns, Festicultores Troupe, Terbutalina, Pé de Boi, Chotokoeu, Güintervan, Quando Vand, Ke-Percussion...
- A **variedade de propostas** que completan o cartel musical: La Troba Kung-Fú, Gambeat Experience, djs, pasarrúas, percusións, danza oriental, cantautores...

O festival acolle tamén o **X Encontro de Circo e Malabares**, un dos encontros deste tipo máis importantes da Península. No escenario de gorra (Domo) o público poderá ver malabares, acrobacias, trapecio, comedores de espadas, clown, maxia, break dance... Ademais, unha nova edición da Olimpíada de Malabares e obradoiros de circo impartidos polos bemposteños do Circo dos Muchachos. Esta institución será obxecto dunha **exposición** que repasará a súa historia desde a fundación en 1966.

Bemposta será un lugar aberto a todos os públicos, nos que pasear, ver, escoitar e participar. Estrutúrase en **tres escenarios**: Carpa Central para os concertos de noite, Escenario de Día para os concertos diurnos e Domo para as actividades de circo e de gorra. Ademais, un **mercadíño** ocupará as rúas de Bemposta. Todas as actividades son de balde excepto os

www.reperkusion.com

# REPERKUSIÓN

17/19 MAIO 2012 BENPOSTA (OURENSE)

DEZ ANOS DE FESTICULTURA

concertos de noite na Carpa Central.

## Programación

### Xoves 17

12:00 h: **Mercadiño** nas rúas de Bemposta  
12:30h: **Murray Molloy** no Domo  
16:30h: **Tabú** no Escenario de Día  
17:30h: **Terbutalina** no Escenario de Día  
18:30h: **Ké-Percussion** no Escenario de Día  
18:30h: **Kote Malabar** no Domo  
19:30h: **Chotokoeu** no Escenario de Día  
19:30h: **Mago Kreston** no Domo

#### CONCERTOS NA CARPA CENTRAL

21:00h: **Os Trebóns**  
22:15h: **Manu Chao La Ventura**  
1:15h: **Kiril Dzajkovski**  
3:00h: **Funky Style Brass**  
4:45h: **Hadri Hache**

### Venres 18

12:00 h: **Mercadiño** nas rúas de Bemposta  
12:00h: **Obradoiros de malabares** no Domo  
12:30h: **El Arca de las Leyendas** no Domo  
13:30h: **Mago Kreston** no Domo  
16:30h: **Yomelo Montosolo** no Escenario de Día  
16:30h: **Eva Clapp** no Domo  
17:00h: **Qando Vand** no Escenario de Día  
17:30h: **Estefanía Royal** no Escenario de Día  
18:30h: **Naked** no Domo  
19:15h: **Banda Desarmada** no Escenario de Día  
19:30h: **Kote Malabar** no Domo  
20:30h: **Pé de Boi** no Escenario de Día

#### CONCERTOS NA CARPA CENTRAL

22:45h: **El Canijo de Jerez + Tomasito**  
00:30h: **Russkaja**  
2:15h: **Dubioza Kolektiv**  
4:15h: **Bohemian Betyars**  
6:00h: **Funkombo**

### Sábado 19

12:00 h: **Mercadiño** nas rúas de Bemposta  
12:00h: **Obradoiros de malabares** no Domo  
13:30h: **Naked** no Domo  
15:30h: **Olimpiada de Malabares** no Domo  
17:00h: **Güintervan** no Escenario de Día  
18:00h: **Ray Fernández** no Escenario de Día  
18:30h: **El Arca de las Leyendas** no Domo  
19:00h: **A Caixa de Tambora** no Escenario de Día  
19:00h: **Murray Molloy** no Domo  
20:00h: **La Vaga Banda** no Escenario de Día  
21:00h: **Zacatum** nas rúas de Bemposta

#### CONCERTOS NA CARPA CENTRAL

22:45h: **La Troba Kung-Fú**  
00:00h: **Manu Chao La Ventura**  
3:00h: **Festicultores Troupe**  
4:30h: **Gambeat Experience**  
6:00h: **Dj Karim**

## A Cidade dos Muchachos de Bemposta



O Festival Reperkusión celébrase este ano por primeira vez na Cidade dos Muchachos de Bemposta. Trátase dun lugar moi especial, no que se desenvolveu un proxecto modélico de integración e compromiso social que tiña nas artes e no circo un dos seus piares. Un recinto con rúas dedicadas ao circo e ás artes, vivendas, espazos amplos, zonas verdes, edificios polivalentes, un domo espectacular e multitude de detalles.

Para a organización do Reperkusión celebrar en Bemposta a décima edición do festival é unha oportunidade para redescubrir un espazo cheo de posibilidades e que se adapta perfectamente para a celebración dun evento diverso e multidisciplinar como este.



## Un pouco de historia

A Cidade dos Muchachos de Bemposta foi un proxecto único, unha experiencia de mellora da sociedade coas artes e o circo no centro da proposta. Foi fundada no ano 1956 a partir dunha idea do Padre Silva. Sitúase no sur do concello de Ourense, á beira do lugar de Seixalbo, como unha cidade á beira e dentro doutra cidade ao meso tempo.



A poboación de Bemposta foi variando co tempo, pero situábase por norma xeral arredor das 150 persoas, principalmente mozas e mozos, e cun gran número de nenos. A cantidade de persoas que pasaba por alí era maior, debido ao movemento xerado polas actividades que se impartían, así como as visitas á súa canle de televisión.



En Bemposta ensaiouse un modelo de convivencia pensando nos nenos e nenas, con sistema de autogoberno e incluso un banco con moeda propia: as coroas. O modelo tiña catro prioridades: a harmonía do cidadán, a educación, o traballo (“aprender a pensar coas mans”) e a formación artística, da que resulta o circo. O circo chegou en 1966, froito da escola que se creou dous anos antes, que foi a primeira en España e a segunda no mundo.

A Cidade dos Muchachos de Ourense foi a primeira doutras que virían despois: tres cidades en Colombia: Bogotá, Villavicencio e Montería; as de La Guaira e Caracas en Venezuela; e en Bolivia Cochabamba. Ademais, embaixadas en La Guajira en Colombia, Kobe en Xapón, New Jersey en EE.UU. e dúas máis en Nicaragua e Mozambique. Todas elas son exemplos da proxección daquela idea que empezou a formarse en Ourense a metade do século XX.

## Información práctica

### Entradas

	Ata o 16 de maio	Billeteira
Bono 3 días	45 €	50 €
Bono 3 días + cámping	50 €	55 €
Entrada 1 día	20 €	25 €

\*+ gastos de distribución

### Puntos de venda:

- [www.reperkusion.com](http://www.reperkusion.com)
- Ourense: C. C. Auriense, Faíscas, Saborido Charcutería
- Allariz: Fandiño Tapas, A Micalla, A Baiuca, Roi Xordo, Bar Orballo, Aira das Letras
- Xinzo da Limia: Micalañas, Feito Praza
- Celanova: Óptica Anteollos
- Vigo: Tiendas Tipo
- Compostela: A Reixa Tenda
- Lugo: Don Disco
- A Coruña: Discos Noni's
- Pontevedra: Lusco e Fusco
- Boiro: Aturuxo

### Transporte

#### Aparcamento e bus lanzadeira

- A organización disporá unha zona de aparcamento no Pavillón Paco Paz.
- Desde aí sairá un servizo permanente de autobuses lanzadeira gratuítos durante todo o festival.

#### Autobús desde Allariz

- A organización disporá un bus especial e gratuíto entre Allariz e Bemposta.
- Saídas da estación de autobuses de Allariz dirección Bemposta ás 16h, 17h, 18h, 19h e 20h os días 17, 18 e 19 de maio.
- Saídas de Bemposta dirección Allariz ás 16:30h, 17:30h, 18:30h, 19:30h e 20:30h en horario de tarde, e ás 4h, 5h, 6h, 7h e 8h en horario de madrugada-mañá os días 17, 18 e 19 de maio.

#### Bus urbano

- As liñas que chegan a Bemposta son a 14 e a 33.



## Zona de acampada

A organización habilitará unha zona de acampada en Bemposta, á beira do recinto dos concertos.

Esta zona de acampada só pode reservarse co bono do festival. O custe do bono increméntase en 5 € con cámping. É só para tendas: non está permitida a entrada de vehículos a motor nin caravanas no cámping.

Estará aberto do xoves 17 de maio ás 12:00h ata o domingo 20 ás 20:00h.



## Actividades de balde

As entradas son necesarias para os concertos de noite na Pista Central. O resto das actividades son de balde e abertas a todos os públicos: concertos de día, actuacións de circo, mercadiño, obradoiros etc.

As actuacións: concertos de noite

## Carpa Central

Na Carpa Central do Reperkusión'2012 celebraranse os concertos de noite. Por esta carpa pasarán os principais artistas do cartel. É necesario ter entrada ou bono para acceder.

**MANU CHAO LA VENTURA** xoves 17  
sábado 19

### Acción e música global contra a resignación



Un artistas inspirador, comprometido e creativo como ningún outro. Manu Chao chega ao Reperkusión no décimo aniversario do festival e para celebralo non fará un, senón dous concertos: o xoves 17 e o sábado 19 de maio. Vén no formato Manu Chao La Ventura, un cuarteto no que se acompaña de guitarra, baixo e batería, co que xa actuou nos últimos meses en países como Arxentina, Estados Unidos, Xapón ou Australia.

É unha proposta máis directa coa que dá un novo xiro ás súas potentes actuacións cheas de enerxía e ideas frescas. Recoñecido polo seu compromiso social, o seu cosmopolitismo creativo e a súa militancia na canción popular, está considerado un dos músicos máis influentes das últimas décadas.

Manu Chao atopa a inspiración na cultura de rúa e nas escenas locais de diferentes países. A súa música é multicultural e multilingüística, mesturando rock, reggae, punk, ska, sons encontrados e ritmos de todo o planeta, con letras en inglés, portugués, francés, español e italiano. Despois do seu paso por Hot Pants e Los Carayos e de triunfar internacionalmente con Mano Negra, en 1998 lanzou o seu primeiro disco en solitario, "Clandestino", co que conseguiu un éxito global. Tras el viñeron outros éxitos como "Próxima estación: Esperanza", "Radio Bemba Sound System", "Sibérie M'Était Contée" e "La Radiolina". Nestes anos, centos de milleiros de persoas en todo o mundo puideron gozar co seu enérxico directo.

[www.manuchao.net](http://www.manuchao.net)

## Kiril Dzajkovski xoves 17

### Fusión vibrante de electrónica e ritmos balcánicos

É posible a mestura de música tradicional macedonia con ritmos electrónicos? Kiril demostra que si, e que ademais esa fusión pode triunfar máis aló dos Balcáns. Logo de tres décadas de creatividade e experimentación, Kiril é hoxe un dos músicos balcánicos máis admirados en todo o mundo. Armado cun ordenador e rodeado no escenario de excelentes instrumentistas, os concertos de Kiril son vibrantes sesións nas que bailar ao ritmo de beats, trompetas e violíns.



Kiril iniciou a súa carreira nos 80 coa banda Leb i Sol, pero foi na década seguinte cando descubriu a potencialidade de mesturar electrónica coa música étnica do seu país. O resultado foi unha serie de discos aclamados pola crítica en Europa, Estados Unidos, Canadá, Australia e Xapón. Os temas do macedonio foron incluídos en compilacións editadas en todo o mundo. Ademais, é autor de música para teatro e televisión e das bandas sonoras dalgúns dos filmes balcánicos máis importantes dos últimos anos.

[www.kiril.com.mk](http://www.kiril.com.mk)



## xoves 17 Funky Style Brass

### A loucura da fanfarria electrofunk máis imprevisible

Hai tres anos os Funky Style Brass puxeron patas arriba a carpa da Reperkusión. Agora volven coa súa tolemia musical para demostrar que teñen a chave da diversión coa súa combinación de festa, forza e sentido do humor. A fanfarria electrofunk máis imprevisible de Francia (e de Europa!) volve á carga.

Funky Style Brass é un grupo nado en 2006 á beira do Garona, na cidade de Tolouse. Fórmana nove músicos que comparten delirios musicais, adictos a todos os xéneros, pero sobre todo ao freestyle e á risa. No correr dos anos e diante dun público cada vez máis entusiasta, o seu estilo foise refinando cara unha diversidade musical e escénica que encanta aos pequenos e aos maiores, aos miopes e aos astigmáticos, aos antropófagos e aos herbívoros, de 7 a 77 anos.

O ano pasado a banda logrou gran repercusión no seu país ao quedar segundos nun dos concursos máis populares da televisión francesa cunha versión moi peculiar de "O Danubio azul". Agora presentan o seu novo álbum, "Merci pour les huitres" ("Grazas polas ostras"), un disco ecléctico co que renovan o son das fanfarrias.

[www.funkystylebrass.net](http://www.funkystylebrass.net)

## Os 3 Trebóns xoves 17

### Treboada total cargada de repichocas e dancing petouteiro

A Coruña. Cambio de milenio. En torno ó faro herculino, tres veteranos do campo da festa: Xurxo Souto (acordeón e voz), Antón Díaz (baixo, contrabaixo e voz) e Fran Amil (batería e voz), decidiron botarlle as súas rancheiras-punks polos camiños do mundo, espallando o seu decálogo da treboada.

Estas forzas da natureza, cunha peregrinación de máis dun lustro polos campos da festa galegos, descargan as súas repichocas treboentas co apoio da enerxía e o poder de auxilio dos Homes sen Medo (Martinho Mato, Manu Paino e Olivier Cano), artífices do dancing petouteiro, tamén contan coas colabouras de Xan, Nacho e Tania de Jarbanzo Negro cando veñen traídos pola tramontana dende terras de Catalunya e Menorca!, ou cando Aarón Ultrãqãns sopra polo furado da gaita, que recolle o ar da refinaría de Meicende, e o converte nun furacán esmorgueiro.

A Treboada Total ou a Gran Treboada pode caer, sen previo aviso, en calquera punto cardinal para refrescar o estío co poder da palabra e o peso das historias que voan como o vento... baixo dos esconxuros atmosféricos...



xoves 17 **Hadri Hache**

### Selección de ritmos globais para bailar sen descanso

Por terceiro ano consecutivo no Reperkusión, contaremos outra vez co dj santiagués Hadri Hache, tamén teclista e programador nos grupos Chotokoeu! e L'Acustikasesina. Comeza no ano 2005 a compartir o seu gusto pola música en sound systems organizados en diferentes festivais da xeografía galega. No ano 2010 debuta en Acearrica pechando a oitava edición deste festival, e repetindo no 2011 xa no escenario principal. No 2011 traballa como dj residente na Casa do Patín de Santiago, aínda que tamén pinchando noutros locais da cidade como A Casa das Crechas, A Borriquita de Belem, O Elefante,... ou os coruñeses Ramallah e Garufa.

Partindo principalmente da súa afección pola música xamaicana, pero sen renunciar a outras moitas e diversas músicas do mundo, as súas sesións viaxan por diferentes estilos como o dub, o reggae, o ska, a rumba, a mestizaxe, os balkan beats,... ata músicas de sons máis electrónicos como poden ser o electroswing, drum & bass, jungle, dubstep,... sempre cunha única finalidade: que a xente con ganas de festa poida pasalo ben!

## El Canijo de Jerez + Tomasito venres 18

### A nova aventura en solitario do ex Delinqüentes

El Canijo de Jerez volve aos escenarios no Reperkusión. Será a súa primeira actuación coa compañía de Tomasito este ano, antes da saída do seu primeiro disco en solitario a finais de 2012 baixo o nome de "El Nuevo Despertar de la Farándula Cósmica". El Canijo de Jerez comeza o seu proceso de expansión polo mundo "garrapatero", despois de abandonar o seu anterior grupo indefinidamente. Moitos dos seus seguidores máis fieis están á espera de oír material novo xa que, aparte de repasar algúns dos seus éxitos con Los Delinqüentes, deleitará ao persoal coas súas novas cancións.



Farao acompañado por Tomasito, quen tamén aproveitará para presentarnos algunha das súas novas perversións, producidas por vez primeira polo propio Tomás con axuda dos seus pes e os seus botíns verdes, temas que irán vendo a luz esta primavera. Ademais soarán algunhas das cancións que xa gravaron no seu álbum conxunto "Los Hombres de las Praderas y sus Bordones Calientes". El Canijo y Tomasito montarán unha banda única e especial para facer gozar o público cunha actuación inesquecible cos dous artistas máis alegres e cósmicos do panorama musical.



## venres 18 Dubioza Kolektiv

### Dub, tradición e activismo desde Bosnia

Dubioza Kolektiv é unha banda de Bosnia que mestura con frescura hip-hop, reggae, dub, rock e folclore bosníaco. No seu país son todo un referente musical e de compromiso social, con un directo aclamado polo público do Leste de Europa. Cunhas habilidades musicais postas a proba nos refuxios durante o asedio de Sarajevo, estes rapaces saben máis que ninguén de como usar a música como arma positiva.

En Bosnia son coñecidos por practicar o que predicán, implicándose en diferentes accións, desde manifestacións contra o abuso de poder e a corrupción ata unha xira musical para aumentar a participación electoral. Ata a revista Time e a BBC os recoñeceron como unha voz autorizada en Bosnia. En "Wild Wild East", o quinto álbum en nove anos de traxectoria, o seu son implacable arroupa temas que xiran arredor da paz e a tolerancia ao lado dunha crítica do nacionalismo extremo e os estereotipos culturais.

A de Dubioza Kolektiv é música tradicional abordada desde unha perspectiva única, influída por unha guerra que mudou as súas vidas para sempre e entregados a un optimismo que te golpea como un sopro de aire fresco. Se te deixas levar, poden mudar a túa vida.

www.reperkusion.com

# REPERKUSIÓN

17/19 MAIO 2012 BENPOSTA (OURENSE)

DEZ ANOS DE FESTICULTURA

[www.dubioza.org](http://www.dubioza.org)



## venres 18 **Russkaja** Polcas revolucionarias a ritmo de ska e metal

O ano pasado causaron sensación entre o público do Reperkusión, así que en 2012 volven a Allariz por aclamación popular. Nas antípodas do "easy listening", Russkaja é o pesadelo das asociacións de música folclórica rusa. Desde os aparentemente tranquilos Alpes austríacos chega este grupo de terroristas dos ritmos eslavos para darlle unha volta posmoderna á polca.

Teñen a fórmula máxica para facer bailar ao persoal: xuntar na mesma cocteleira trash metal, heavy, funky, ska e o rock de Frank Zappa, todo iso pasado polo filtro do folclore eslavo. Unha combinación tan perigosa como efectiva, que fan realidade un grupo de músicos de primeira orde reclutados polo fundador da banda, Georgii A . Makazaria, un moscovita de nacemento que antes pasou polo heavy metal. Con el tocan o trombonista H-G Gutternigg (que tocou con Joe Zawinul), o percusionista Titus Vadon, o guitarrista Zebo Adam, o saxofonista Manfred Franzmeier e a violinista Antonia Georgiew.

Teñen a fórmula máxica para facer bailar ao

[www.russkaja.com](http://www.russkaja.com)

## **Bohemian Betyars** venres 18

### Rock e loucura cociñados en Hungría

Son novos e mesturan sen pudor a música popular húngara co rock e o ska. Bohemian Betyars naceu en Miskolc (Hungría) despois dunha noite de viño e augardente ena que o cantante Levente Szücs e o guitarrista Mate Mihályfi decidiron facer música xuntos. A eles uníronse Mate Palágyi ao violín, ao saxofón Balázs Czégé , ao baixo Gábor Fehér, e á batería Richard Botar. Con está aliñación naceu unha das bandas máis tolas de Hungría.



Como bos húngaros son amantes dos fogóns e a cociña, e así explican eles como naceu a súa música: mesturaron o fondoo musical popular do violinista e o baixista co rock e o estilo alternativo dos outros membros. Verteron a mestura nunha pota grande, condimentaron con elementos de punk, ska e música xitana e balcánica. O resultado é o auténtico gulash húngaro, coñecido por ser quente e picante, como a música de Bohemian Betyars. Esta receita ya a degustou o público de algúns dos festivais máis importantes da República Checa, Alemaña, Polonia, Eslovaquia ou Hungría. O prato sèrvese quente este ano no Reperkusión!

[www.myspace.com/bohemianbetyars](http://www.myspace.com/bohemianbetyars)

## Funkombo venres 18

### Novos grooves para mover o esqueleto

Combo formado polo beatboxer madrileño Beatmac e o dj galego Dr.Think, dous experimentados músicos da escena electrónica, que actuaron polas salas e festivais máis importantes de España: Fever, Sala Apolo, Café la Palma, Sala Caracol, Sanfroidance, Eólica, Sónar, Freshweekend, Frecuency (Portugal)... Nos seus concertos fanse acompañar ben polos ventos de Adrián Lage ou pola batería electrónica do Señor Topo, ambos compoñentes da banda lucense de funk Cats and Monkeys.



Unen forzas neste novo proxecto para ofrecer un espectáculo de grooves nun gran formato de festa, facendo mover o esqueleto cunha nova forma de interpretar o funk, o swing e a fanfarria, mesturándoos con breaks e electrónica de alto octanaxe. "Gústavos a festa, gústavos bailar, a nós gústanos ti".

[www.beatmac.es/funkombo](http://www.beatmac.es/funkombo)



## sábado 19 La Troba Kung-Fú

### Rumba promiscua e mestiza con Joan Garriga

Despois de oito anos e tres discos con Dusminguet, o cantante e acordeonista Joan Garriga púxose en 2005 á fronte de La Troba Kung-Fú para seguir experimentando co xénero pouco académico da rumba catalá. A Troba é unha palabra de orixe occitano que na Idade Media facía referencia aos poetas trobadores. Kung-Fú é unha habilidade conseguida mediante a constancia e a práctica. La Troba Kung-Fú abre unha

dimensión nova, onde os músicos buscan coa práctica diaria a virtude co instrumento, a virtude do bo artesan do oficio musical. Toda unha declaración de intencións.

En 2007 publicaron en descarga online gratuíta "Clavell morenet". En 2010 saíu á luz "A la panxa del bou", concibido en media ducia de sotos e baixos de Nova York, México e Cataluña. En La Troba Kung-Fú, a rumba en estado embrionario mestúrase con dub, cumbia, sarao, blues, boogie-woogie e outros ritmos máis fáciles de tocar que de definir. O resultado é unha música que desde La Garriga conecta cos sons de todo o mundo e coa sensibilidade e as ganas de bailar de milleiros de adeptos á rumba e a diversión.

[www.latrobakungfu.net](http://www.latrobakungfu.net)





## sábado 19 **Festicultores Troupe**

### **Sadomusiquismo para liberar endorfinas festeiras**

Os máis experimentados cultivadores de festas de Galicia volverán levar ao Reperkusión os produtos frescos da súa colleita: música, humor, baile e desinhibición cerebral. En carteira teñen dous espectáculos. Con E.G.F.A. (Exército Gherrilleiro das Festas Armadas) percorreron as rúas e os escenarios de Galicia, acompañaron a Manu Chao e Radiobemba na fin de xira europea en Baiona (Francia) e no 25 Cabodano do Che Guevara en Santa Clara (Cuba) e percorreron países coma Serbia, Polonia, Francia ou Portugal. Gañaron o Premio do Público no Festival Internacional Haizetara de Amorebieta e compartiron cartel con grupos internacionais coma Gogol Bordello, Emir Kusturica & The No Smoking Orchestra ou Fanfare Ciocarlia.

O ano pasado presentaron novo espectáculo: Os Sadomusiquistas. Seis das persoas máis tímidas do mundo conseguen transformar o sufrimento nun goce inimaxinable mediante o sadomusiquismo: o trance de ter que facer o ridículo en público. Un espectáculo no que Festicultores Troupe libera un tsunami de endorfinas que converte cada verbena pola que pasan na maior pista de baile do mundo. Festicultores Troupe están agora gravando novo disco, que presentarán no escenario do Reperkusión.

[www.festicultores.com](http://www.festicultores.com)

## **Gambeat Experience** sábado 19

### **Jam session con Gambeat e convidados**

O francés Gambeat, baixista e dj de Manu Chao La Ventura, Radio Bemba, Mano Negra, French Lovers ou Piratas Urbanos entre outros, tráenos ao Reperkusión moito máis que unha sesión dj: unha experiencia "sound antisistema" con convidados especiais cos que fará unha auténtica jam session de frenesí sonoro e combativo.



Gambeat realizou as súas primeiras sesións en 1994 abrindo os concertos de Radio Bemba, da que é dj oficial desde o ano 2000. Pincha electro cumbia, jungle, dubstep e pachanga. Como el di, "Só unha vida para ser feliz! Só unha vida para estar unid@s, para bailar e cantar!, só unha vida para compartir alegría! Arriba a vaina!!!

[www.gambeat.com.ar](http://www.gambeat.com.ar)



## sábado 19 **Dj Karim**

### **Conexión Magreb-América Latina**

Ritmos latinos, ritmos xitanos e o latexo do Magreb nos beats deste dj alxerino de alma latinoamericana que leva anos percorrendo o mundo coas súas sesións de música mestiza e global.

www.reperkusion.com

# REPERKUSIÓN

17/19 MAIO 2012 BENPOSTA (OURENSE)

DEZ ANOS DE FESTICULTURA

[www.myspace.com/djkarimgipsy](http://www.myspace.com/djkarimgipsy)

As actuacións: concertos de día

## Escenario de Día

Unha segunda carpa acollerá os concertos de día do Reperkusión. Durante toda a tarde por este escenario pasarán bandas, maioritariamente galegas, de todos os estilos: ska, mestizo, rock, reggae, funk, punk, rock, batucada...

### XOVES 17

#### Tabú

##### Novos aires para o rock feito en Allariz

Tabú naceu en xuño de 2009 en Allariz, e logo de varios cambios de formación, quedou no cuarteto actual: Javier Garrido (baixista), Xabi (baterista), Román (vocalista e guitarrista) e Lucas (guitarrista). Tocan temas propios e versións dalgúns dos grupos dos que reciben máis influencia, como Los Suaves, Thin Lizzy, Dream Theater, Jimi Hendrix e ZZTop, entre outros.

[www.wix.com/tabu\\_allariz/tabu](http://www.wix.com/tabu_allariz/tabu)



#### Terbutalina

##### Gastropunk co lema “mellor arriscarse e que rompa”

A Terbutalina nace no incencro entre Ventín, Muíño do Vento e Esteiro (condados do estado de Muros) no 2010. Ex-membros de grupos como THE, Metralla, Skaiola Borrokal ou Süiss dan en se xuntar, tirar para adiante e elaborar unha recua de temas a medio camiño entre o rock de garaxe, o punk e outros sons.

En 2011 lanzan o seu traballo de presentación “Live in Catoira”. Meses despois viaxan até L.A. para gravar o que será o seu primeiro LP de estudio “Broncodilatador”. Un disco con 15 racións de gastropunk e música de diferentes estilos sempre baixo a premisa “mellor arriscarse e que rompa”. Os temas deste disco son unha pequena mostra do variado da súa aposta, unha proposta que levan amosando desde a súa formación nos diferentes concertos que ofreceron pola xeografía galega, nos que mesturan diversión, velocidade e empanada.

[www.terbutalina.bandcamp.com](http://www.terbutalina.bandcamp.com)

#### Chotokoeu

##### Energía ao servizo da súa maxestade a festa

Chotokoeu naceu en 2007 na Coruña grazas a unha amizade alimentada pola música. Despois de máis de cen concertos, o grupo segue engordando e facéndose máis grande, pero transmitindo a mesma enerxía que nos seus inicios. Chokotoeu non se cerra a ningún estilo de música e intenta facela sempre para gozar e facer pasar un bo momento ao público, adaptando o repertorio a cada ocasión.



Nos seus concertos mestúranse estilos que van da rumba latina ou o reggae ata o drum&bass e o dubstep máis tolo. O grupo introduce ademais momentos teatrais e de malabares que axudan a que ninguén quede fóra da festa. Ritmo de rúa, de bar, de festival. Chotokoeu pon toda a súa enerxía ao servizo da súa maxestade a festa e todos os seus fieis leais.

[www.chotokoeu.com](http://www.chotokoeu.com)

## Kè-Percussion

### Instrumentos clásicos e obxectos cotiáns soando xuntos


Kè-percussion é un grupo de percusión que combina un variado repertorio e mestura diferentes estilos musicais. Fórmalo no verán de 2009 en Vigo Miguel Moralejo, Fran Rodríguez, Fernando Vidal e David Leirós. Os primeiros concertos do grupo tiveron lugar en diversas asociacións culturais, o que lles axudou a dar os primeiros pasos e a darse a coñecer na cidade. É máis tarde cando empezarán a tocar por diferentes pubs de Vigo e o seu entorno, como A Ramallosa, Panxón ou Pontearreas, ademais de amenizar actos institucionais en Vigo e Nigrán.



O seu espectáculo "Todo é percusión!" trata de amosar unha gran variedade de instrumentos de percusión, desde clásicos coma a marimba ou o vibráfono ata obxectos da vida cotiá como contedores, tubos, escobas, vasoira, caldeiros, escadas... No repertorio mestúranse estilos musicais como jazz, latin, rock, house ou techno., nun espectáculo flexible, que se adapta a todo tipo de espazos.

[www.kepercussion.com](http://www.kepercussion.com)

## VENRES 18



## Yomelo Montosolo

### O show humorístico e musical dun cantautor celestial

Yomelo Montosolo é un cantautor celestial que fai un show humorístico e musical no que interactúa co público. "Atractivo aínda que sexa maduriño", propónse divertir á xente coas súas cancións e minimonólogos cos que as presenta, facendo que o público cante os estribillos e pase un tempo divertido. Comezou como cantautor celestial no 2000 tocando en Vigo, e desde alí empezou a facer concertos por toda Galicia, levando a todos lados o seus sentido de humor. Como el mesmo di, "Yomelo Montosolo, o cantautor máis chachi piruli que canta ao desamor da forma máis simpática que poidas imaxinar, prohibido quedarse indiferente!".

[www.myspace.com/yomelo](http://www.myspace.com/yomelo)

## Estefanía Royal

### Melodías e danzas para transportarnos a lugares remotos

Estefanía Royal é bailarina e profesora de danza oriental. Dedicase profesionalmente á danza desde hai máis de sete anos. Neste tempo actuou en lugares tan diversos como Klagenfurt (Austria), El Cairo (Egipto), Saint-Etienne, Bayonne e Anglet (Francia), Auckland (Nueva Zelandia) e Vigo, xa sexa con espectáculos como bailarina solista en festivais, colaboracións e eventos de todo tipo ou de forma regular en restaurantes.



Comezou a súa formación co ballet e a danza clásica aos 4 anos. Logo practicou diversos estilos: danza tradicional, contemporánea, moderna, ximnasia rítmica, bailes de salón, hip-hop, bailes latinos, afro-brasileiro, danzas polinesias, hindú, flamenco e a danza oriental. Neste última atopou o mellor medio para expresarse en corpo e alma. Nas súas actuacións teñen cabida desde a máxica e elegante danza exipcia ata a fusión co flamenco gipsy, bollywood, afro-brasileiro e danzas polinesias. Melodías e danzas que transportan o público a lugares remotos, onde as areas do deserto parecen convidarnos a soñar.

[www.estefaniaroyal.weebly.com](http://www.estefaniaroyal.weebly.com)

www.reperkusion.com

**REPERKUSIÓN**

17/19 MAIO 2012 BENPOSTA (OURENSE)

DEZ ANOS DE FESTICULTURA

## Qando Vand

### Grooves urbanos que non deixan indiferente a ninguén

A Qando Vand nace en Betanzos a mediados de 2008 da man dos irmáns Fidy. As súas ganas de aprender novos estilos lévaos a contactar con músicos da zona para formar un proxecto onde cada un puidese achegar o seu graniño de area. O resultado é unha vanda onde estilos tan dispares como o funk e o hardcore se fusionan con reggae, ska, punk, hip hop ou latin. Na actualidade a Qando Van está gravando o seu primeiro disco, do que xa anticiparon dúas cancións: "Hoy no va haber humor" e "Voodoo Groovie". Acústico, urbano, funky, latin, ska... festa na rúa onde ninguén queda indiferente ao pasar.

[www.qandovand.wordpress.com](http://www.qandovand.wordpress.com)



## A Banda Desarmada

### Ritmo, movement e fusión

A Banda Desarmada nace no Carballiño no ano 2006 e desde entón leva seis anos movéndose por toda Galicia, compartindo escenario con formacións como Dakidarría, Chotokoeu, La Pegatina ou Alamedadosoulna. A súa música está chea de ritmo e movemento, fusionando unha ampla variedade de estilos como reggae, ska, funk e rumba, con melodías pegadizas e ritmos percusivos, sempre co obxectivo de gozar e facer bailar ao público. Montan festa alí onde van.

Ao longo destes anos A Banda Desarmada foi perfeccionando o seu directo presentando para este ano 2012 un traballo serio e profesional, da man dos oito compoñentes do grupo: Raúl Álvarez (voz Principal, guitarra), Mariano Ortega (voz, percusión), Rubén Ferradás (coros, guitarra), Xesús Carballido (coros, teclados), Alejandro Nogueira (baixo eléctrico), Miguel Carballido (batería), Luís Vivas (percusión) e Juan Cuñarro (ventos).

[www.myspace.com/labandadesarmada](http://www.myspace.com/labandadesarmada)

## Pé de Boi

### Moita marcha e letras servidas con ironía

Pé de Boi naceu no val do Ulla, no concello da Estrada, alá polo 1995. Ao longo dos anos a formación do grupo foi mudando, o que propiciou tamén a aposta por diversos estilos musicais en cada proxecto, reinventándose a través da multiculturalidade e a mestura.



Despois da última xira con "Ano de brétema", e tras un longo período na cociña, ao fin de 2011 presentaron novo traballo discográfico: "SomosNós". Un disco moi ecléctico, cargado de sorpresas e multitude de esencias. A raíz galega, a música balcánica, os sons insulares, o folk, o funk, o rock, o jazz, a rumba flamenca, algún que outro debuxo de rap... xunto coa forza da xa habitual corda de metais da formación, son algunhas das pinceladas que trazan este novo "cadro musical": "SomosNós".

[www.pedeboi.es](http://www.pedeboi.es)

**SÁBADO 19**

## A Caixa de Tambora

**O son de África con cantos, danza e moita percusión**

A Caixa de Tambora transporta a Galicia a cultura e a música malinké, da rexión mandinga no oeste africano. Este grupo de mozas e mozos de Compostela lévanos aos espectáculos dos grandes ballets nacionais africanos posteriores á descolonización dos anos sesenta do século XX, introducindo referencias á cultura tradicional galega do mesmo xeito que no seu día se fusionaron elementos das diferentes etnias africanas para obter os arranxos e as orquestracións que hoxe coñecemos.



O proxecto comezou como unha sorte de foro de intercambio de coñecementos entre persoas interesadas no universo da percusión, da música e da cultura mandinga en xeral, e foi derivando na formación dun repertorio de temas clásicos do estilo e outros non tanto, sen abandonar a formación mediante aulas con músicos e bailaríns e viaxes a África dos compoñentes. Isto completouse nos últimos dous anos con actuacións en diferentes eventos e locais por toda Galicia.

<https://www.facebook.com/pages/A-Caixa-de-Tambora/148952718521845>



## Güintervan

**Excéntrica mestura de melodías balcánicas e ritmos máxicos**

Esta é a historia de catro músicos profesionais que se xuntaron para tocar o que realmente lles gusta. Güintervan converteuse nun soño feito realidade: tocan o que queren e o público quéreos. Gozan máis que nunca nos seus concertos. A excéntrica mestura de melodías balcánicas, ritmos máxicos, harmonías infernais, velocidade extrema e letras en galego é o sinal de identidade do grupo.

A voz tenor de Iván Van Güinter, que tamén se encarga do contrabaixo; a variedade de ritmos á batería de Roi Alexandre Van Güinter; o oído exquisito do mestre das cordas Isaac Van Güinter, á guitarra e o bouzouki; e as melodías enrevesadas do violín de Harry Van Güinter forman o son de Güintervan. O cuarteto gravou en decembro de 2010 o seu primeiro disco: "Mundo loco".

[www.guintervan.com](http://www.guintervan.com)

## Ray Fernández

**Trovador cubano versátil e comprometido**

Ray Fernández mestura a sonoridade dos ritmos tropicais cun toque de singularidade flamenco. As súas cancións con textos solidarios relacionados coa vida cotiá son moi aplaudidas nos escenarios de Cuba pola súa picaresca e a capacidade para alegrar. Foi aclamado en festivais e asoma aos escenarios como cantautor comprometido e líder dunha xeración que aposta pola canción de autor.



Ray Fernández acompaña-se por unha banda de catro músicos: Eulicer Vázquez (baixo), Jorge Luis Pérez (tres), Dariel Díaz (percusión) e Lorenzo Molina (trompeta). En Cuba é tamén coñecido polo seu programa de televisión, no que promove aos novos trovadores. Representado pola principal casa discográfica do seu país, EGREM, publicou en 2010 o álbum "Paciencia" e actualmente produce o seu segundo traballo discográfico.

[www.myspace.com/raytrovador](http://www.myspace.com/raytrovador)

## La Vaga Banda

### Movéndose coa vida

La Vaga Banda comezou a súa historia polo ano 2005, cando se xuntaron en Vigo Juan (baixo e voz), Víctor (guitarra e voz), Fran (batería) e Nacho (guitarra). Logo de facer bastante ruído e gravar un par de maquetas, a formación foise ampliando en 2007 con Míriam (batería, frautas, gaitas etc), Vila (trompeta), Nico (xaxo) e Peludo (guitarra). Séntense debedores de moitos grupos e músicas, polo que prefiren fuxir de estilos e etiquetas. En 2011 publicaron o seu primeiro disco, con temas como “No hay paraíso eterno”, “Desde adentro” e “Seguiré”.

[www.lavagabanda.blogspot.com.es](http://www.lavagabanda.blogspot.com.es)



Zacatum leva a maxia da percusión brasileira a calquera recuncho cun espectáculo con marcadas influencias afrobahianas. A música está acompañada do colorido dos bailes, os instrumentos, as coreografías, as maquillaxes: todos estes elementos contribúen a encher de alegría as súas actuacións.

En marzo de 2006 empezou a súa andaina como unha escola aberta a todo aquel que quixera mergullarse nos ritmos brasileiros. Logo de consolidarse como grupo, reabiron as súas portas en múltiples ocasións para acoller novos membros. O proxecto común é sempre chegar a xente ao mundo da música dunha maneira fácil e divertida. Con este propósito realizaron dúcias de actuacións en festivais, festas, concertos, discotecas e todo tipo de eventos por toda a Península.

[www.zacatum.org](http://www.zacatum.org)

## Zacatum

### A alegría dunha batucada chea de cor



As actuacións: escenariode gorra

## Domo

O domo, unha espectacular estrutura de ferro no que se desenvolvía a formación e os espectáculos de circo en Bemposta, volve acoller a maxia da vida circense no X encontro de circo e malabares. Aquí se situará o escenario de gorra, con malabares, maxia, clown, equilibrio...

## Murray Molloy

Un artista tan tolo como para tragar espadas

O interese que ten Murray Molloy polo macabro naceu en visitas ao circo durante a súa mocidade (e os pesadelos inspirados polos pallasos), e un veciño excéntrico que lle ensinaba trucos de maxia. Con tan só dezoito anos, iniciou a súa travesía polo arriscado camiño do come-lumes autodidacta. Ao pouco tempo e mentres cicatrizaba a súa lingua queimada, construíu a súa primeira cama de cravos e empezou a actuar polas rúas de Dublín. Cunha experiencia de máis de doce anos de adestramento, de xiras e viaxes sen cesar, ha ir expandindo o seu repertorio que actualmente inclúe números que van desde o contorsionismo e escapoloxia até modelar con globos, números de clown e a tragarse espadas reais. Si, espadas!



Actualmente é un dos só cincuenta artistas do mundo o suficientemente tolo como para tragarse espadas. Actuou por todas partes, desde Australia a Laos, de Portugal a Fiji, polas rúas, bares, salas, festivais, diante de xefes tribais e no circo de Jim Rose nos Estados Unidos e tamén no festival Fringe de Edimburgo.

[www.mmolloy.tk](http://www.mmolloy.tk)



## Eva Clapp


Trapecista e acróbata, desde Berlín

Eva Clapp é unha trapecista de Berlín. Estudou catro anos na "Staatliche Balletschule und Schule fuer Artistik", unha das mellores escolas de circo de Alemaña. Hai ano e medio que vive en Barcelona, onde foi co obxectivo de poñer en práctica os seus coñecementos artísticos no campo do circo: malabarismo, trapecio, funambulismo, monociclo e acrobacia. O aro e o trapecio son as súas principais especialidades. Tamén combina o seu traballo artístico coa ensinanza de trapecio a nenos. Tamén traballou en espectáculos de variedades e teatro.

[www.eva-clapp.de](http://www.eva-clapp.de)

## Naked

Break dance desde Pamplona



## Kote Malabar

**Circo, clown, malabares e, sobre todo, moito humor**

Actor, clown e malabarista que leva máis de dez anos facendo rir e gozar a todo tipo de públicos, tanto en solitario como coa súa compañía, Malabaranda. Nos seus espectáculos combina o traballo actoral con técnicas de circo, clown e malabares, pero sobre todo humor, moito humor, nun show para todos os públicos.



O seu espectáculo "Cirkote" é circo de rúa e para a rúa, de preto, ao carón do público. Para pequenos, para grandes e tamén para medianos: para toda a familia. "Cirkote" é circo, é humor, é alegría... un espectáculo no que o público participa activamente de principio a fin. Números arriscados e perigosos, números de participación de público e o súper-final de lume, que o converten nun espectáculo orixinal e divertido.

[www.kotemalabar.blogspot.com](http://www.kotemalabar.blogspot.com)



## EL Arca de las Leyendas

**Actores-malabaristas dominando o lume**

A compañía TatataChán! Nace en Asturias a principios do 2011 da idea de catro socios co obxectivo de fomentar a cultura circense, o teatro e proxectos audiovisuais. Realiza espectáculos de circo, de teatro, de monicreques, pasacalles, audiovisuais... Un equipo interdisciplinar que se atreve a todo.

"El Arca de las Leyendas" é un espectáculo de lume que narra a aparición dun estraño navío nun pobo pequeno de mar hai moito tempo. De como deste navío descende un estraño séquito portando unha misterioso arca e de como os misteriosos personaxes dominan aos lobos chegados das montañas e por esta razón tras a súa aparición o pobo venerará a misterioso arca polos séculos dos séculos. No espectáculo os actores-malabaristas fan uso de bastóns de lume, swing, abanicos e dedos de lume, así como acrobacias e pirotecnia.

[www.tatatachanchan.wordpress.com](http://www.tatatachanchan.wordpress.com)

## Mago Kreston

**Un mago desenfadado e algo caradura**

Juan Idoate é o Mago Kreston, un ilusionista desenfadado e algo caradura á vez que tenro. Cos seus variados números de maxia fará as delicias de grandes e pequenos. Maxia e humor en estado puro e para todos os públicos.

[www.lamagiadekreston.blogspot.com.es](http://www.lamagiadekreston.blogspot.com.es)



## Outras actividades

### Obradoiros de circo

Volven ao Reperkusión os obradoiros de circo e malabares dirixidos a nen@s e adult@s. Este ano serán os bemposteños da Cidade dos Muchachos os que impartan os obradoiros de monociclo de arame, de bolas e de mazas. Os obradoiros celebraranse á beira do Domo.

### Olimpíada de Malabares

O sábado ás 15:30h no Domo celebrarase unha nova edición da Olimpíada de Malabares, unha cita olímpica que ensombrece a de Londres. Os mellores malabaristas vidos de diferentes recunchos da Península e de fóra dela pelexan amosando as súas habilidades en todo tipo de probas cheas de dinamismo e bo humor: mazas, bolas, equilibrios, resistencia...

### Exposición sobre o Circo dos Muchachos

A Facultade de Comunicación de Bemposta acolle unha exposición que repasa a historia do Circo dos Muchachos, unha auténtica institución que levou os espectáculos creados en Bemposta por medio mundo. A exposición inclúe fotografías, carteis e outros materiais recompilados ao longo de catro décadas.

### Mercadiño

Instrumentos, roupa, artesanía, comidas do mundo... todo o imaxinable pódese atopar e comprar ns rúas de Bemposta. Os postos estarán abertos os tres días do festival a partir das 12:00h do mediodía.

### Accións solidarias

O festival apoia por segundo ano ao Instituto Jane Goodall España, que baixo o lema "África chama, Galicia responde" propón a reciclaxe de móbiles. Trae os teus móbiles en desuso e deposítaos no stand do Instituto Jane Goodall en Bemposta, ou nas furnas instaladas no recinto, para axudar a salvar a Selva.

A segunda entidade coa que se compromete este ano o festival é a Asociación Puzzle. É unha asociación de Allariz que loita contra a exclusión social e laboral das persoas con discapacidade. A eles irá destinada unha parte da recadación pola venda de camisetas do festival.